



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 28/09/2022.

#### ASISTENTES:

##### Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro

##### Concelleiros/as:

D. José Simoes Couceiro (PSdeG-PSOE)  
D<sup>a</sup> Raquel Caruncho Corral (PSdeG-PSOE)  
D<sup>a</sup> Yolanda Vázquez Busto (PSdeG-PSOE)  
D. Daniel Ríos Fernández (PSdeG-PSOE)  
D. Joshua Dopico López (PSdeG-PSOE)  
D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera (PSdeG-PSOE)  
D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal (PSdeG-PSOE)  
D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro (PSdeG-PSOE)  
D. Santiago José Rodríguez Piñeiro (PP)  
D. Luis Angel Díaz González. (PP)  
D. Luis Pena Mosquera (incorpórase á sesión ás 12:15 h) (BNG)  
D<sup>a</sup> Rocío Souto Torre (BNG)

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e catro minutos do día vinte e oito de setembro de dous mil vinte e dous, xúntanse, en sesión ordinaria do Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor Alcalde-Presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos pola Secretaria Xeral e o Interventor accidental municipais.

##### A Secretaria xeral:

D<sup>a</sup> Ana Ramos Ramos

##### O Interventor accidental:

D. José Luis Sande Vázquez

A Presidencia abre a sesión, procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

#### **1.-. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓN ANTERIORES**

A Secretaria municipal da lectura á proposta da Alcaldía-Presidentencia que se transcribe a continuación:

#### **“PROPOSTA DE ACORDO LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓN ANTERIORES**

(Expediente TEdC: 2022/G006/000204)

Recibida polas persoas membro do Pleno, a copia dos borradores das actas correspondentes ás sesións:

**SESIÓN ORDINARIA 28/07/2022**

**SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DE 03/08/2022**

**SESIÓN EXTRAORDINARIA DE 31/08/2022**

Esta Alcaldía-Presidentencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

**PRIMEIRO.** Aprobar os borradores das actas correspondentes ás sesións:

**SESIÓN ORDINARIA 28/07/2022**

**SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DE 03/08/2022**



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### SESIÓN EXTRAORDINARIA DE 31/08/2022

**SEGUNDO.-** Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro”

Sen intervencións, sométese a votación a acta da **sesión ordinaria do día 28/07/2022**, quedando **ADOPTADO** por **por MAIORÍA de 11 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal PSdeG-PSOE(8): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D<sup>a</sup> Raquel Caruncho Corral,, D<sup>a</sup> Yolanda Vázquez Busto, D. Joshua Dopico López, D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera, D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal, D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro; 2 votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal do PP: D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D. Luis Angel Díaz González; 1 voto a favor da concelleira do Grupo Municipal do BNG: D<sup>a</sup> Rocío Souto Torre; e 1 **abstención** do concelleiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE: D. Daniel Ríos Fernández, por non estar presente na sesión do 28/07/2022 o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

### SESIÓN ORDINARIA 28/07/2022

**SEGUNDO.-** Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

Sométese a votación a acta da **sesión extraordinaria e urxente do día 03/08/2022**, quedando **ADOPTADO** por **por MAIORÍA de 12 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal PSdeG-PSOE(9): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D<sup>a</sup> Raquel Caruncho Corral, D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera, D<sup>a</sup> Yolanda Vázquez Busto, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal, D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro; 2 votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal do PP: D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D. Luis Angel Díaz González; 1 voto a favor da concelleira do Grupo Municipal do BNG: D<sup>a</sup> Rocío Souto Torre; o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

### SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DE 03/08/2022

**SEGUNDO.-** Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

Sométese a votación a acta da **sesión extraordinaria do día 31/08/2022**, quedando **ADOPTADO** por **por MAIORÍA de 12 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal PSdeG-PSOE(9): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D<sup>a</sup> Raquel Caruncho Corral, D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera, D<sup>a</sup> Yolanda Vázquez Busto, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal, D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro; 2 votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal do PP: D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D. Luis Angel Díaz González; 1 voto a favor da concelleira do Grupo Municipal do BNG: D<sup>a</sup> Rocío Souto Torre; o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

### SESIÓN EXTRAORDINARIA DE 31/08/2022

**SEGUNDO.-** Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### **2.- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR APROVEITAMENTOS ESPECIAIS DA VÍA PÚBLICA MEDIANTE CAIXEIROS AUTOMÁTICOS DE ENTIDADES FINANCEIRAS INSTALADOS NA FACHADA DE ESTABLECEMENTOS E CON ACCESO DIRECTO DENDE A VÍA PÚBLICA.**

A Secretaria xeral da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos e Facenda, do 23/09/2022, que se transcribe a continuación:

#### **"DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS ECONÓMICOS E FACENDA**

**SESIÓN: ORDINARIA DE DATA VENRES 23 DE SETEMBRO 2022**

**EXPDTE: 2022/G012/000018**

**SESIÓN: 53/2019-2023**

### **4.- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR APROVEITAMENTOS ESPECIAIS DA VÍA PÚBLICA MEDIANTE CAIXEIROS AUTOMÁTICOS DE ENTIDADES FINANCEIRAS INSTALADOS NA FACHADA DE ESTABLECEMENTOS E CON ACCESO DIRECTO DENDE A VÍA PÚBLICA**

A Secretaria da lectura ao ditame da a proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

#### **"PROPOSTA DE ACORDO**

#### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR APROVEITAMENTOS ESPECIAIS DA VÍA PÚBLICA MEDIANTE CAIXEIROS AUTOMÁTICOS DE ENTIDADES FINANCEIRAS INSTALADOS NA FACHADA DE ESTABLECEMENTOS E CON ACCESO DIRECTO DENDE A VÍA PÚBLICA**

*De conformidade co disposto no artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, as Entidades Locais deberán acordar a imposición e supresión dos seus tributos propios, e aprobar as correspondentes ordenanzas fiscais reguladoras destes.*

*Logo de ver o informe valorativo da calculo da taxa por empregar solo público para acceso a caixeiro emitido polo arquitecto técnico municipal de data 19/08/2021*

*Logo de ver a providencia de inicio de data 11/02/2022*

*Logo de ver o informe de tesourería de data 11/02/2022 co contido do borrador de ordenanza que se pretende aprobar.*

*Logo de ver a Providencia para iniciar o trámite de consulta pública previa o día 16/02/2022.*

*Logo de ver o certificado de secretaría de exposición pública e non presentación de alegacións de data 10/03/2022*

*Logo de ver o informe da Secretaria municipal de data 13/05/2022*

*Logo de ver o informes da Interventora municipal e do técnico municipal de data 13/06/2022, no que se establece neste último, un novo prezo actualizado da taxa anual por empregar solo público para acceso a caixeiros automáticos de entidades financeiras instaladas na fachada de establecementos e con acceso directo dende a vía pública.*

*Logo de ver o informe complementario da Tesourería municipal de data 14/06/2022, no que se modifica o artigo 6 do borrador da Ordenanza fiscal no relativo a cota tributaria, que en lugar de 1.428,16 € pasa a ser 1.514,74 €*



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Logo de ver a nova providencia de consulta pública previa de data 16/06/2022.

Logo de ver o certificado de secretaria de exposición pública e non presentación de alegacións de data 19/08/202

Tendo en conta o anterior e conforme ao establecido no artigo 22.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, esta Alcaldía propón para a súa aprobación polo Pleno do Concello a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

**PRIMEIRO.** - Aprobar provisionalmente a imposición da taxa por aproveitamentos especiais da vía pública mediante caixeiros automáticos de entidades financeiras instalados na fachada de establecementos e con acceso directo dende a vía pública e a fixación dos elementos necesarios en orde a determinar as respectivas cotas tributarias, así como aprobar provisionalmente a ordenanza reguladora da taxa por aproveitamentos especiais da vía pública mediante caixeiros automáticos de entidades financeiras instalados na fachada de establecementos e con acceso directo dende a vía pública.

**SEGUNDO.**- Publicar o acordo que se adopte no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no taboleiro de anuncios, e na sede electrónica do concello, co obxecto de que durante o prazo de 30 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao de publicación no Boletín Oficial da Provincia, os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e/ou suxestións que consideren oportunas.

**TERCEIRO.**- O presente acordo provisional entenderase definitivamente aprobado no caso de que non se presentasen reclamacións á mesma, sen necesidade de novo acordo plenario, de conformidade co disposto no 17.3 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

**CUARTO.**- Que o acordo de aprobación definitiva ou, no seu caso, o acordo de aprobación provisional elevado automaticamente a aquela categoría, xunto co texto íntegro refundido que se transcribe como ANEXO, publíquese no taboleiro de anuncios do concello, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, e na sede electrónica deste concello. Así mesmo, o devandito acordo de aprobación definitiva notificarase a aqueles interesados que presentasen alegacións,

**QUINTO.**- Que o acordo e o texto do Regulamento, comuníquese ás Administracións do Estado e da Comunidade Autónoma dentro do prazo dos seis días seguintes á súa aprobación, en cumprimento do disposto no artigo 196.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR APROVEITAMENTOS ESPECIAIS DA VÍA PÚBLICA MEDIANTE CAIXEIROS AUTOMÁTICOS DE ENTIDADES FINANCEIRAS INSTALADOS NA FACHADA DE ESTABLECEMENTOS E CON ACCESO DIRECTO DENDE A VÍA PÚBLICA**

#### **ARTIGO 1º. NATUREZA, OBXECTO E FUNDAMENTO.**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 331 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece a Taxa por



## **CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)**

*aproveitamento especial do dominio público local mediante caixeiros automáticos de entidades financeiras instaladas na fachada de establecementos e con acceso directo dende a vía pública.*

### **ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE**

*Constitúe o feito impoñible da Taxa o aproveitamento especial do dominio público con caixeiros automáticos de que se serven as entidades financeiras para prestar os seus servizos e que sexan instalados na fachada de establecementos e con acceso directo dende a vía pública.*

### **ARTIGO 3º. SUXEITOS PASIVOS**

*Son suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades que se sinalan no artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria a cuxo favor se outorguen as licenzas ou quenes se beneficien do aproveitamento, se se procedera sen a oportuna autorización ou en calquera caso, a entidade titular do caixeiro automático.*

*Terán a condición de substitutos do contribuínte os propietarios do edificio ou locais onde se coloquen os aparellos ou máquinas obxecto desta Taxa.*

### **Artigo 4º. RESPONSABLES**

*Serán responsables solidarios e subsidiarios da débeda tributaria as persoas físicas e xurídicas citadas nos artigos 42 e 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.*

### **Artigo 5º. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS**

*Non se recoñecerá exención nin bonificación algunha nos importes das cotas tributarias reguladas na presente ordenanza.*

### **Artigo 6º. COTA TRIBUTARIA**

*A contía da taxa regulada nesta Ordenanza será:*

*Por unidade de caixeiro automático ou máquina expendedora ó ano: 1.514,74 €*

### **Artigo 7º. PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO**

*1. O período impositivo comprenderá o ano natural, salvo nos supostos de inicio do aproveitamento especial, en cuxo caso, o período impositivo axustarase a esta circunstancia co conseguinte prorrateo da cota, calculándose as tarifas proporcionalmente ao número de trimestres naturais que resten para finalizar o ano, incluído o de comezo do aproveitamento especial.*

*Asi mesmo e, en caso de baixa por cese no aproveitamento, as tarifas serán prorrateables por trimestres naturais, excluído aquel no que se produza o dito cese. A tal fin, os suxeitos pasivos poderán solicitar a devolución da parte da cota correspondente aos trimestres naturais nos que non se producira o aproveitamento citado.*

*2. A taxa devindícase e nace a obriga de contribuír cando se trate de aproveitamentos xa autorizados e, en tanto non se solicite a súa baixa, por anos naturais, o primeiro día do período impositivo.*

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*Cando se trate de novos aproveitamentos, a taxa devíndcase e nace a obriga de contribuír, no momento do outorgamento da correspondente autorización administrativa ou, no seu defecto, desde o momento en que se realice materialmente o aproveitamento real e efectivo.*

### **Artigo 8º. NORMAS DE XESTIÓN**

*1. As persoas ou entidades interesadas na concesión dos aproveitamentos regulados por esta Ordenanza deberán solicitar previamente a correspondente licenza ou autorización administrativa correspondente antes do inicio do aproveitamento.*

*Debendo presentar solicitude á que achegarán a seguinte documentación:*

*a) Un plano a escala ou croquis de situación, onde se indique a ubicación da máquina expendedora ou caixeiro automático.*

*b) Unha memoria explicativa na que indique a natureza da maquinaria e a necesidade da súa colocación, así como a previsión da intensidade de uso que vai provocar na vía pública e a súa ocupación, con avaliación do cumprimento de accesibilidade de espazos públicos.*

*2. Nos supostos de alta no tributo, se establece o réxime de autoliquidación na xestión de cobro desta taxa. O pago realizarase no momento de presentar a solicitude de outorgamento da correspondente autorización administrativa.*

*Este ingreso terá o carácter de depósito previo, de conformidade co disposto no artigo 26.1.1 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, quedando elevado a definitivo ao concederse a licenza correspondente.*

*Non se tramitará o expediente sen que quede acreditado o pago correspondente.*

*3. Nos sucesivos exercicios, a taxa liquidarase por Padrón de cobro periódico por recibo nos prazos establecidos.*

*Así mesmo, o Padrón estará constituído por todos os caixeiros e máquinas expendedoras sometidos a tributación o 1 de xaneiro de cada ano mediante esta taxa e que foran declarados ou incluídos de oficio polo Servizo de Xestión Tributaria do Concello.*

*O aproveitamento entenderase prorrogado en tanto non se presente a baixa debidamente xustificada polo interesado. A tal fin os suxeitos pasivos deberán solicitar a oportuna declaración de baixa no prazo de quince días hábiles seguintes a aquel en que se retire a instalación. A presentación da baixa do caixeiro automático surtirá efectos a partires do primeiro día do trimestre natural seguinte ao da presentación da dita baixa.*

*Sexa cal sexa a causa que se alegue en contrario, a non presentación da baixa coas especificacións anteriores, determinará a obriga de continuar aboando a taxa.*

*4. Cando se produza un aproveitamento suxeito a esta taxa sen a preceptiva autorización municipal previa ou sen a oportuna declaración de alta, sen prexuízo das medidas que resulten procedentes en exercicio das facultades demaniais e potestades administrativas do Concello, e imposición das sancións que resulten procedentes; iniciarase o expediente regularizador que corresponda, practicándose a liquidación pertinente.*

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*A regularización do aproveitamento, cando sexa procedente, requirirá o pago da liquidación practicada, sen prexuízo das demais medidas que resulten pertinentes.*

### **DISPOSICIÓN FINAL**

*A presente ordenanza entrará en vigor a partir da publicación no B.O.P., permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa"*

*A Presidencia abre a quenda para o debate ...//...*

*Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita, por **UNANIMIDADE** dos membros presentes"*

A Presidencia abre a quenda para o debate:

- **Toma a palabra D. Daniel Ríos**, concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE, como xa se explicou na Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos e Facenda do 23 de setembro, foi unha proposta que levaron no programa electoral das eleccións do ano 2019, de seguido comenta, que esta ordenanza establece unha cota tributaria de 1.514, 74 € por caixeiro automático, para aquelas entidades bancarias que teñen dito caixeiro na fachada da vía pública. Finalmente di, que conta con informes favorables dos departamentos implicados na súa tramitación.

- **Toma a palabra D<sup>a</sup> Rocío Souto**, concelleira do Bloque Nacionalista Galego, indica que non se debe repercutir nos usuarios.

- **Toma a palabra D. Bernardo Fernández**, Alcalde do concello, afirma que hai certo rebumbio sobre este tema, tense que explicar ben á xente, que o que cobran os bancos, non se aplica por oficinas, son decisións que toman no conxunto do banco, e de aplicación en todas elas, di tamén, que vanse ingresar con esta taxa 6.000 €, polo tanto increméntase os ingresos, sen aumentar a presión fiscal aos veciños.

Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 10 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE (9): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D<sup>a</sup> Raquel Caruncho Corral, D<sup>a</sup> Yolanda Vázquez Busto, D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal, D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro; 1 voto a favor da persoa que integra o Grupo Municipal do BNG: D<sup>a</sup> Rocío Souto Torre; e **2 abstencións** dos concelleiros do Grupo Municipal do PP: D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D. Luis Angel Díaz González, o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.** - Aprobar provisionalmente a imposición da taxa por aproveitamentos especiais da vía pública mediante caixeiros automáticos de entidades financeiras instalados na fachada de establecementos e con acceso directo dende a vía pública e a fixación dos elementos necesarios en orde a determinar as respectivas cotas tributarias, así como aprobar provisionalmente a ordenanza reguladora da taxa por aproveitamentos especiais da vía pública mediante caixeiros automáticos de entidades financeiras instalados na fachada de establecementos e con acceso directo dende a vía pública.

**SEGUNDO.-** Publicar o acordo que se adopte no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no taboleiro de anuncios, e na sede electrónica do concello, co obxecto de que durante o prazo de 30 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao de publicación no Boletín Oficial da Provincia, os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións e/ou suxestións que consideren oportunas.



## **CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)**

**TERCEIRO.-** O presente acordo provisional entenderase definitivamente aprobado no caso de que non se presentasen reclamacións á mesma, sen necesidade de novo acordo plenario, de conformidade co disposto no 17.3 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

**CUARTO.-** Que o acordo de aprobación definitiva ou, no seu caso, o acordo de aprobación provisional elevado automaticamente a aquela categoría, xunto co texto íntegro refundido que se transcribe como ANEXO, publíquese no taboleiro de anuncios do concello, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, e na sede electrónica deste concello. Así mesmo, o devandito acordo de aprobación definitiva notificarase a aqueles interesados que presentasen alegacións,

**QUINTO.-** Que o acordo e o texto do Regulamento, comuníquese ás Administracións do Estado e da Comunidade Autónoma dentro do prazo dos seis días seguintes á súa aprobación, en cumprimento do disposto no artigo 196.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

### **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR APROVEITAMENTOS ESPECIAIS DA VÍA PÚBLICA MEDIANTE CAIXEIROS AUTOMÁTICOS DE ENTIDADES FINANCEIRAS INSTALADOS NA FACHADA DE ESTABLECEMENTOS E CON ACCESO DIRECTO DENDE A VÍA PÚBLICA**

#### **ARTIGO 1º. NATUREZA, OBXECTO E FUNDAMENTO.**

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 331 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece a Taxa por aproveitamento especial do dominio público local mediante caixeiros automáticos de entidades financeiras instaladas na fachada de establecementos e con acceso directo dende a vía pública.

#### **ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE**

Constitúe o feito imponible da Taxa o aproveitamento especial do dominio público con caixeiros automáticos de que se serven as entidades financeiras para prestar os seus servizos e que sexan instalados na fachada de establecementos e con acceso directo dende a vía pública.

#### **ARTIGO 3º. SUXEITOS PASIVOS**

Son suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades que se sinalan no artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria a cuxo favor se outorguen as licenzas ou quen se beneficien do aproveitamento, se se procedera sen a oportuna autorización ou en calquera caso, a entidade titular do caixeiro automático.

Terán a condición de substitutos do contribuínte os propietarios do edificio ou locais onde se coloquen os aparellos ou máquinas obxecto desta Taxa.

#### **Artigo 4º. RESPONSABLES**





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Serán responsables solidarios e subsidiarios da débeda tributaria as persoas físicas e xurídicas citadas nos artigos 42 e 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

### Artigo 5º. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS

Non se recoñecerá exención nin bonificación algunha nos importes das cotas tributarias reguladas na presente ordenanza.

### Artigo 6º. COTA TRIBUTARIA

A contía da taxa regulada nesta Ordenanza será:

Por unidade de caixeiro automático ou máquina expendedora ó ano: 1.514,74 €

### Artigo 7º. PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO

1. O período impositivo comprenderá o ano natural, salvo nos supostos de inicio do aproveitamento especial, en cuxo caso, o período impositivo axustarase a esta circunstancia co conseguinte prorrateo da cota, calculándose as tarifas proporcionalmente ao número de trimestres naturais que resten para finalizar o ano, incluído o de comezo do aproveitamento especial.

Asi mesmo e, en caso de baixa por cese no aproveitamento, as tarifas serán prorrateables por trimestres naturais, excluído aquel no que se produza o dito cese. A tal fin, os suxeitos pasivos poderán solicitar a devolución da parte da cota correspondente aos trimestres naturais nos que non se producira o aproveitamento citado.

2. A taxa devíndcase e nace a obriga de contribuír cando se trate de aproveitamentos xa autorizados e, en tanto non se solicite a súa baixa, por anos naturais, o primeiro día do período impositivo.

Cando se trate de novos aproveitamentos, a taxa devíndcase e nace a obriga de contribuír, no momento do outorgamento da correspondente autorización administrativa ou, no seu defecto, desde o momento en que se realice materialmente o aproveitamento real e efectivo.

### Artigo 8º. NORMAS DE XESTIÓN

1. As persoas ou entidades interesadas na concesión dos aproveitamentos regulados por esta Ordenanza deberán solicitar previamente a correspondente licenza ou autorización administrativa correspondente antes do inicio do aproveitamento.

Debendo presentar solicitud á que achegarán a seguinte documentación:

a) Un plano a escala ou croquis de situación, onde se indique a ubicación da máquina expendedora ou caixeiro automático.

b) Unha memoria explicativa na que indique a natureza da maquinaria e a necesidade da súa colocación, así como a previsión da intensidade de uso que vai provocar na vía pública e a súa ocupación, con avaliación do cumprimento de accesibilidade de espazos públicos.



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2. Nos supostos de alta no tributo, se establece o réxime de autoliquidación na xestión de cobro desta taxa. O pago realizarase no momento de presentar a solicitude de outorgamento da correspondente autorización administrativa.

Este ingreso terá o carácter de depósito previo, de conformidade co disposto no artigo 26.1.1 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, quedando elevado a definitivo ao concederse a licenza correspondente.

Non se tramitará o expediente sen que quede acreditado o pago correspondente.

3. Nos sucesivos exercicios, a taxa liquidarase por Padrón de cobro periódico por recibo nos prazos establecidos.

Así mesmo, o Padrón estará constituído por todos os caixeiros e máquinas expendedoras sometidos a tributación o 1 de xaneiro de cada ano mediante esta taxa e que foran declarados ou incluídos de oficio polo Servizo de Xestión Tributaria do Concello.

O aproveitamento entenderase prorrogado en tanto non se presente a baixa debidamente xustificada polo interesado. A tal fin os suxeitos pasivos deberán solicitar a oportuna declaración de baixa no prazo de quince días hábiles seguintes a aquel en que se retire a instalación. A presentación da baixa do caixeiro automático surtirá efectos a partires do primeiro día do trimestre natural seguinte ao da presentación da dita baixa.

Sexa cal sexa a causa que se alegue en contrario, a non presentación da baixa coas especificacións anteriores, determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

4. Cando se produza un aproveitamento suxeito a esta taxa sen a preceptiva autorización municipal previa ou sen a oportuna declaración de alta, sen prexuízo das medidas que resulten procedentes en exercicio das facultades demaniais e potestades administrativas do Concello, e imposición das sancións que resulten procedentes; iniciarase o expediente regularizador que corresponda, practicándose a liquidación pertinente.

A regularización do aproveitamento, cando sexa procedente, requirirá o pago da liquidación practicada, sen prexuízo das demais medidas que resulten pertinentes.

### DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor a partir da publicación no B.O.P., permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa”

### **3.- DAR CONTA REMISIÓN INFORMACIÓN MINISTERIO EXECUCIÓN TRIMESTRAL. SEGUNDO TRIMESTRE 2022**

A Secretaria municipal da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a continuación:

#### **“PROPOSTA DE DACIÓN DE CONTA**

#### **REMISIÓN INFORMACIÓN MINISTERIO EXECUCIÓN TRIMESTRAL. SEGUNDO TRIMESTRE 2022**



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

(Expediente TEdE: 2022/G006/000207)

Visto o sinalado na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira (modificada pola Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro)

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:

**ÚNICO.-** Dar conta do informe de Intervención de referencia 259/2022, de asunto: "Comunicación da remisión de información trimestral ao Ministerio de Hacienda", segundo trimestre de 2022."

As concelleiras e concelleiros presentes, **TOMAN RAZÓN**.

### 4.- DAR CONTA COMUNICACIÓN DA REMISIÓN DAS LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO 2023.

A Secretaria municipal da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a continuación:

#### **"PROPOSTA DE DACIÓN DE CONTA**

*Comunicación da remisión das liñas fundamentais do orzamento 2023*

(Expediente TEdE: 2022/G006/000209)

Visto o sinalado o sinalado na orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (modificada pola Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro)

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:

**ÚNICO.-** Dar conta do informe de Intervención de referencia 285/2022 , de asunto: "Comunicación da remisión das liñas fundamentais do orzamento 2023"

As concelleiras e concelleiros presentes, **TOMAN RAZÓN**

### 5.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

A Secretaria municipal da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe a continuación:

#### **"DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA.**

#### **SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 28/09/2022**

(Expediente TEdE: 2022/G006/000208)

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas, dos números **502.2022** de 21 de xullo ao **608.2022** de 20 de setembro de 2022, ambos os dous incluídos, os seguintes:



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

<i>Nº de Expediente</i>	<i>Asunto</i>	<i>Nº Decreto</i>	<i>Fecha Firma</i>
2022/G003/000529	CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE LIMPEZA DE PRAIAS MARÍTIMAS 2022	000502/2022	21-07-2022 11:42

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
2022/G003/000539	DELEGACIÓN CASAMENTO CIVIL ENTRE D. ... E D <sup>a</sup> ... NO CONCELEIRO JOSÉ SIMOES COUCEIRO	000503/2022	21-07-2022 11:42
2022/G003/000538	Aprobación calendario -axenda tramitación servizo municipal de conciliación Madrugadoras/Madrugadores curso 2022/2023	000504/2022	21-07-2022 14:02
2022/G003/000547	Convocatoria sesión Ordinaria do Pleno de 28/07/2022	000505/2022	22-07-2022 14:44
2022/G003/000537	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL, POR AUSENCIA DA SECRETARIA TITULAR OS DÍAS 26 E 29 DE XULLO DE 2022.	000506/2022	22-07-2022 14:44
2022/G003/000541	CONTRATO DE SERVIZO PARA O EXERCIZO DOS TRABALLOS DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS CONTIDAS NO PROXECTO "ACTUACIONES DE AHORRO ENERGÉTICO EN LOS ALUMBRADOS PÚBLICOS DEL CONCELLO DE PONTEDEUME FASE II" COFINANCIADO POR EL FONDO EUROPEO DE DESARROLLO REGIONAL EN EL MARCO DEL PROGRAMA OPERATIVO FEDER DE CRECIMIENTO SOSTENIBLE 2014-2020,(IDAE 2020) , (Expediente: 2021/C005/000001)	000507/2022	22-07-2022 14:44
2022/G003/000542	CONTRATO DE SERVIZO PARA O EXERCIZO DOS TRABALLOS DE DIRECCIÓN FACULTATIVA PARA A EXECUCIÓN DO PROXECTO "ACTUACIÓNS DE AFORRO ENERXÉTICO NOS ALUMEADOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE PONTEDEUME FASE II (IDAE 2020) " (Expediente TEdC: 2021/C005/000001)	000508/2022	22-07-2022 15:25
2022/G003/000543	ACTUACIONES DE AHORRO ENERGÉTICO EN LOS ALUMBRADOS PÚBLICOS DEL CONCELLO DE PONTEDEUME FASE II (IDAE 2020)	000509/2022	22-07-2022 15:25
2022/G003/000544	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	000510/2022	26-07-2022 13:56
2022/G003/000546	SEGUROS SOCIAIS XUÑO 2022	000511/2022	27-07-2022 13:59
2022/G003/000549	DELEGACIÓN CASAMENTO CIVIL ENTRE D. ... e D <sup>a</sup> ... na concelleira D <sup>a</sup> María Rocío Souto Torre o día 30.07.2022	000512/2022	27-07-2022 13:59
2018/G003/000108	DEVOLUCIÓN DE GARANTÍA DEFINITIVA A LEASEPLAN SERVICIOS, S.A.	000513/2022	27-07-2022 13:58
2022/G003/000545	PERSOAL-DOCUMENTACIÓN NÓMINA MES XULLO 2022..	000514/2022	28-07-2022 12:42
2022/G003/000550	PERSOAL-DOCUMENTACIÓN NÓMINA MES XULLO 2022..	000515/2022	28-07-2022 12:42
2022/G003/000506	CONTRATO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS CONTIDAS NO PROXECTO "EXTENSIÓN DE REDE DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO EN O CASTRO-NOGUEIROSA" (POS + 2021)	000516/2022	28-07-2022 13:05

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
2022/G003/000551	CONVOCATORIA TÉCNICO DE ADMINISTRACIÓN XERAL. XEFE DE SECRETARÍA. A1	000517/2022	28-07-2022 15:44
2022/G003/000561	EXPEDIENTE DE DELEGACIÓNS ALCALDÍA. MANDATO CORPORATIVO 2019.2023. DELEGACIÓN DAS FUNCIÓNS DA ALCALDÍA NO PRIMEIRO TENENTE DE ALCALDE POR AUSENCIA DO SR. ALCALDE TITULAR DURANTE O PERÍODO: DEL 4 AL 25 AGOSTO DE 2022	000518/2022	01-08-2022 14:00
2022/G003/000560	Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 02/08/2022	000519/2022	01-08-2022 14:00
2022/G003/000556	INCOACIÓNS RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.	000520/2022	01-08-2022 14:00
2022/G003/000557	SOLICITUDE DE DUPLICADO DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO POR EXTRAVÍO	000521/2022	01-08-2022 14:00
2022/G003/000558	CONVOCATORIA TÉCNICO DE XESTIÓN A2.	000522/2022	01-08-2022 14:04
2022/G003/000563	SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DE 03/08/2022	000523/2022	02-08-2022 14:51
2022/G003/000565	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 27, XERACIÓN DE CRÉDITO 14. MIRADOR SOUTO DA VILA.-	000524/2022	03-08-2022 15:31
2022/G003/000564	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 26, XERACIÓN DE CRÉDITO 13. XESTIÓN BIORRESIDUOS. NEXT GENERATION-	000525/2022	03-08-2022 15:31
2022/G003/000566	CONTRATO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS CONTIDAS NO PROXECTO "HUMANIZACIÓN URBANÍSTICA DE RÚA RÍO EUME E PRAZA MESTRE ÁLVARO VÁZQUEZ PENEDO.	000526/2022	08-08-2022 10:05
2022/G003/000569	NOMEAMENTO SECRETARÍA ACCIDENTAL	000527/2022	09-08-2022 11:24
2022/G003/000552	Solicitud General a nome de ASOCIACION COMERCIAL DE EMPREENDEDORES DE GALICIA. Solicita: solicitud locales con licencia salón de banquetes Marzo22	000528/2022	09-08-2022 12:09
2022/G003/000504	CONTRATO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS CONTIDAS NO PROXECTO "CAMIÑO DE PILLEIRO (BOEBRE) E OUTROS (POS + 2020)	000529/2022	10-08-2022 11:16
2022/G003/000567	MEMORIA TECNICA CIERRE PERIMETRAL DE PISTA DE TENIS SARMIENTO	000530/2022	10-08-2022 13:21
2022/G003/000572	BAIXA POR CADUCIDADE DO ANO 2021 DE EXTRANXEIROS NON COMUNITARIOS SEN AUTORIZACIÓN DE RESIDENCIA PERMANENTE (ENCSARP) NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES	000531/2022	11-08-2022 09:58
2021/G003/000849	APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS CONTIDAS NO PROXECTO "REFORMA INTERIOR E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DE	000532/2022	11-08-2022 09:59

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
	CENTRO SOCIAL EN VIZÚS (CONVENIO DEPUTACIÓN 45/2022)"		
2022/G003/000574	BAIXAS OFICIO (NON ENCSARP) 1º semestre ANO 2021 NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES	000533/2022	11-08-2022 11:46
2022/G003/000582	SOLICITA BODA PARA O DIA 14/08/2022 AS 18:00H - José Esteban Feal e Marta Tenreiro Salgado	000534/2022	12-08-2022 14:30
2022/G003/000575	Liquidación de Tributos PAGO DEBEDAS RECLAMADAS SEGURIDADE SOCIAL	000535/2022	16-08-2022 18:31
2022/G003/000577	Listados definitivos de admitidas/os, reservas de praza de alumnas/os de anos anteriores e as listas de agarda da Escola Infantil Municipal Chalé Rosa. Curso 2022/2023	000536/2022	16-08-2022 18:32
2022/G003/000585	MODELO 111 IRPF, XULLO 2022	000537/2022	16-08-2022 18:33
2022/G003/000581	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	000538/2022	16-08-2022 18:33
2022/G003/000568	MEMORIA AMPLIACIÓN DE CAMINO A GRAÑA-FIGUEIRIDO	000539/2022	16-08-2022 18:34
2022/G003/000573	ASIGNACIÓN DE NOVOS USOS "LONXAS DE RAXOI"	000540/2022	16-08-2022 18:34
2022/G003/000579	TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DIFICULTADES DE MOBILIDADE	000541/2022	16-08-2022 18:34
2022/G003/000580	RELACION DE ALTAS, BAIXAS E MODIFICACIÓNS DO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES NO MES DE XUÑO DO ANO 2022	000542/2022	16-08-2022 18:35
2022/G003/000571	RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/15	000543/2022	17-08-2022 11:53
2022/G003/000586	AVOCACIÓN COMPETENCIAS PARA A TRAMITACIÓN DE FORMALIZACIÓN DO CONTRATO EXPEDIENTE 2021/C005/000001 NA SEDE DO IDAE	000544/2022	17-08-2022 15:53
2022/G003/000584	XUSTIFICACIÓN RISGA 2021/2022	000545/2022	19-08-2022 10:07
2022/G003/000587	PERSOAL-OFERTA DE EMPREGO PUBLICO PARA O EXERCICIO 2021	000546/2022	19-08-2022 10:12
2022/G003/000522	ADQUISICIÓN TERRENO EN VILAR PARA APARCADOIRO	000547/2022	19-08-2022 10:14
2022/G003/000559	RESOLUCIÓN PAGO PREMIO JUBILACIÓN DANIEL REGUEIRO LÓPEZ	000548/2022	19-08-2022 10:37
2022/G003/000590	APROL RURAL 2022	000549/2022	19-08-2022

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
			10:38
2022/G003/000591	Convocatoria selección personal Socorristas, veran 2022	000550/2022	19-08-2022 10:38
2022/G003/000594	SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 22-08-2022	000551/2022	19-08-2022 12:53
2022/G003/000595	RELACION DE ALTAS, BAIXAS E MODIFICACIÓNS DO PADRON MUNICIPAL DE HABITANTES NO MES DE XULLO 2022	000552/2022	22-08-2022 12:08
2022/G003/000596	Sesión ordinaria de Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno de 26.08.2022	000553/2022	22-08-2022 13:39
2022/G003/000597	SOLICITA A XUBILACION E O PAGO DAS VACACIONS DOS ANOS 2019 E 2020 E A INDEMNIZACION PREVISTA NO CONVENIO LABORAL DANIEL REGUEIRO LOPEZ.	000554/2022	23-08-2022 09:37
2022/G003/000578	PERSONAL-SELECCIÓN TÉCNICO DE TURISMO, CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL.	000555/2022	23-08-2022 11:12
2022/G003/000598	RECTIFICACIÓN DE ERROS NO DECRETO NÚM. 539/2022 DE 17.08.2022 DE APROBACIÓN DA MEMORIA AMPLIACIÓN DE CAMINO A GRAÑA-FIGUEIRIDO	000556/2022	23-08-2022 12:05
2022/G003/000602	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA	000557/2022	24-08-2022 10:45
2022/G003/000600	RENOVACION DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA	000558/2022	24-08-2022 10:43
2022/G003/000570	CONTRATO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS CONTIDAS NO PROXECTO "AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN SAN COSME (NOGUEIROSA)" (POS + ADICIONAL 2/2021 )	000559/2022	24-08-2022 11:23
2022/G003/000603	Solicitud General .... Solicita: Solicito el reconocimiento del grado I, adjuntando la documentación correspondiente	000560/2022	24-08-2022 21:58
2022/G003/000512	COMUNICACION PREVIA DE OBRA PARA ENTRADA DE VEHICULO EN CHAPIZO Nº 4	000561/2022	25-08-2022 13:59
2022/G003/000592	APROBACIÓN DO PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO RÚA VALERIANO VILLANUEVA .	000562/2022	25-08-2022 13:59
2022/G003/000604	Elaboración de nóminas-NÓMINA MES DE AGOSTO 2022	000563/2022	26-08-2022 12:45
2022/G003/000608	Elaboración de nóminas-NÓMINA MES DE AGOSTO 2022	000564/2022	26-08-2022 12:45
2022/G003/000610	CONVOCATORIA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DE 31.08.2022	000565/2022	26-08-2022 13:29
2022/G003/000601	Aprobación dos padróns do servizo de axuda no fogar de libre	000566/2022	29-08-2022



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
	concorrenca e dependencia, mes de xuño de 2022		12:55
2022/G003/000616	CONTRATO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS CONTIDAS NO PROXECTO "MELLORA DE TRAZADO DO CAMIÑO EN CENTROÑA ATA O SEU ENCONTRO COA ESTRADA PROVINCIAL DP-4803" POS + 2019	000567/2022	30-08-2022 12:24
2022/G003/000613	PARQUE INFANTIL + BIOSALUDABLE EN LA ZONA DE ANDRADE, PONTEDEUME	000568/2022	30-08-2022 13:17
2022/G003/000609	Liquidación de Tributos- SEGUROS SOCIAIS XULLO 2022	000569/2022	30-08-2022 13:59
2022/G003/000612	PERSOAL-NOTIFICAN A DECLARACION A TESOUREIRA ... POR INCAPACIDADE PERMANENTE EN GRADO DE TOTAL	000570/2022	30-08-2022 13:59
2022/G003/000619	RELACIÓN DE ALTAS, BAIXAS E MODIFICACIÓNS DO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES NO MES DE AGOSTO 2022	000571/2022	31-08-2022 14:41
2022/G003/000618	SOLICITA TARXETA DE ESTACIONAMENTO	000572/2022	01-09-2022 10:37
2022/G003/000617	RELACION DE FACTURAS F/2022/16.-	000573/2022	01-09-2022 12:58
2022/G003/000548	APROBACIÓN CERTIFICACIÓNS Nº 1, Nº 2 E Nº 3 DA OBRA - PAVIMENTACIÓN RÚA GONZALO TORRENTE BALLESTER-. POS+ ADICIONAL 2019.	000574/2022	01-09-2022 12:58
2022/G003/000620	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 28, XERACIÓN DE CRÉDITO. CONVENIO DEPUTACIÓN MELLORA PAVIMENTOS E SERVIZOS CAMIÑO ESTREITO E MARXE DEREITA AVDA. CORUÑA.-	000575/2022	01-09-2022 14:03
2022/G003/000622	APROBACIÓN PLAN SEGURIDADE, XESTIÓN DE RESIDUOS, SUBMINISTRADORES E SUBCONTRATAS E PROGRAMA DE TRABALLO PARA OBRA DA OBRA "EXTENSIÓN DE REDE DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO EN O CASTRO-NOGUEIROSA" (POS + 2021)	000576/2022	05-09-2022 10:45
2022/G003/000625	REMISIÓN MINISTERIO LIÑAS FUNDAMENTAIS ORZAMENTO 2023.-	000577/2022	05-09-2022 10:45
2022/G003/000517	TESOURERIA: PADRON MERCADO MUNICIPAL 1S2022	000578/2022	05-09-2022 12:01
2022/G003/000518	TESOURERIA: LIQUIDACIONS POSTOS MERCADO MUNICIPAL DO 1º SEMESTRE 2022	000579/2022	05-09-2022 12:01
2022/G003/000611	Solicitud General a nombre de JARDINERIA ARCE SL. Solicita: SOLICITA LA DEVOLUCION DE LA GARANTIA DEFINITIVA Y COMPLEMENTARIA	000580/2022	05-09-2022 12:15
2022/G003/000588	AREA DE DESCANSO PARA PEREGRINOS EN SOUTO DA VILA.	000581/2022	07-09-2022 10:58

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
2022/G003/000629	Solicitude Xeral a nome de COMISION DAS FESTAS DAS PERAS 2018. Solicita: Obtención de la licencia municipal de cara a celebración das festas patronais entre o 7 e o 11 de setembro de 2022.	000582/2022	07-09-2022 11:29
2022/G003/000628	REHABILITACIÓN LAVADOIRO CERMUZO FONTE DO CASTRO , E FONTE DA CRUZ	000583/2022	09-09-2022 10:31
2022/G003/000607	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRAFICO AI99500000026588	000584/2022	09-09-2022 10:31
2022/G003/000621	CONTA XUSTIFICATIVA DE AXUDAS PARA SITUACIÓNS DE EMERXENCIA SOCIAL	000585/2022	09-09-2022 10:31
2022/G003/000633	CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE "DESCRIPCIÓN DE FONDOS DO ARQUIVO MUNICIPAL.3ª FASE" AO ABEIRO DA AXUDA CONCEDIDA POLA CONSELLARÍA DE CULTURA E, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA, DESTINADAS Á COLABORACIÓN NO FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓNS EN MATERIA DE ARQUIVOS (Cod. Proc. CT103A)	000586/2022	09-09-2022 13:56
2022/G003/000634	CONTRATO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS CONTIDAS NO PROXECTO "CAMIÑO DE PILLEIRO (BOEBRE) E OUTROS (POS + 2020)	000587/2022	09-09-2022 13:56
2022/G003/000627	Solicitud Subvención Proxectos de Prevención conductas aditivas 2022-25	000588/2022	09-09-2022 13:56
2022/G003/000624	CONTRATO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS CONTIDAS NO PROXECTO "MELLORA DE TRAZADO DO CAMIÑO EN CENTROÑA ATA O SEU ENCONTRO COA ESTRADA PROVINCIAL DP-4803" POS + 2019	000589/2022	09-09-2022 13:56
2022/G003/000614	ADQUISICIÓN TERRENO EN VILAR PARA APARCADOIRO	000590/2022	13-09-2022 11:38
2022/G003/000636	Aprobación dos padróns do servizo de axuda no fogar de libre concorrencia e dependencia, mes de xullo de 2022	000591/2022	14-09-2022 14:55
2022/G003/000640	RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. MARIA ESTRELLA VARELA ABAD. REPARACIÓN TOLDO	000592/2022	14-09-2022 14:55
2022/G003/000630	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRAFICO AI99500000026216	000593/2022	14-09-2022 14:54
2022/G003/000631	EXPEDIENTE DE SANCIONADOR DE TRAFICO EXPEDIENTE AI99500000026336	000594/2022	14-09-2022 14:55
2022/G003/000637	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 29, XC16. PARQUES NATURAIS.-	000595/2022	14-09-2022 14:55
2022/G003/000632	TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	000596/2022	15-09-2022 09:13

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
2022/G003/000635	Tramitación de Decretos Aprobación listado persoas participantes no servizo de conciliación Madrugadoras/Madrugadores curso 2022/2023	000597/2022	15-09-2022 09:13
2022/G003/000641	Liquidación de Tributos-MODELO 111 IRPF, AGOSTO 2022.	000598/2022	15-09-2022 09:13
2022/G003/000638	RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/17.- PROXECTO CULTURA NO CAMIÑO. AGADIC 2022	000599/2022	15-09-2022 13:37
2022/G003/000645	ACTUACIONES DE AHORRO ENERGÉTICO EN LOS ALUMBRADOS PÚBLICOS DEL CONCELLO DE PONTEDEUME FASE II (IDAE 2020)	000600/2022	15-09-2022 15:01
2022/G003/000644	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 30, XERACIÓN DE CRÉDITO 17. PERSOAL MUSEOS E CENTROS INTERPRETACIÓN.-	000601/2022	16-09-2022 10:00
2022/G003/000646	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 31, XC18, AXUDAS ORQUESTRAS E VERBENAS.-	000602/2022	16-09-2022 10:00
2022/G003/000648	XXV Premio Investigación Concello de Ponte deume.	000603/2022	19-09-2022 11:36
2022/G003/000505	CONTRATO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS CONTIDAS NO PROXECTO "PAVIMENTACIÓN E HUMANIZACIÓN FREI GUMERSINDO PLACER "(POS + ADICIONAL 2/2021)	000604/2022	19-09-2022 11:36
2022/G003/000650	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	000605/2022	19-09-2022 11:36
2022/G003/000553	PROCEDEMENTO ABREVIADO 152/2022, AGRUPACIÓN MUTUAL ASEGURADORA, MUTUA DE SEGUROS A PRIMA FIJA, S.A., CRISTOBAL ANEIROS RIVAS. RECLAMACIÓN RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.	000606/2022	19-09-2022 11:36
2022/G003/000655	Convocatoria da Sesión ordinaria da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno de 23/09/2022	000607/2022	20-09-2022 13:44
2022/G003/000654	CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS ECONÓMICOS E FACENDA DE 23/09/2022	000608/2022	20-09-2022 13:45

As concelleiras e concelleiros presentes, TOMAN RAZÓN.

### 6.- ASUNTOS DE URXENCIA

Non se presentaron asuntos de urxencia

### 7.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES

Dende a Presidencia, propónse para a súa inclusión na orde do día as mocións seguintes:



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- MOCIÓN SOBRE AS NECESIDADES E CARENCIAS DOS CENTROS ESCOLARES DO MUNICIPIO DE PONTEDEUME NO CURSO 2022/23. Presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE.
- MOCIÓN CONTRA O VETO DA UE Á PESCA DE FONDO. Presentada polo grupo municipal do Partido Popular
- MOCIÓN EN REXEITAMENTO DO VETO Á PESCA DE FONDO POR PARTE DA COMISION EUROPEA. Presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE.
- MOCIÓN EN DEFENSA DA FROITA PESQUEIRA GALEGA FRONTE AO NOVO REGULAMENTO IMPOSTO POLA COMISIÓN EUROPEA. Presentada polo grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego.
- MOCIÓN APOIAR A INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR PROMOVIDA POLA PLATAFORMA SOS SANIDADE PÚBLICA DE GALICIA. Presentada polo grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego.

Sométense a votación a urxencia, quedando **RATIFICADA A URXENCIA**, coa **INCLUSIÓN DAS MOCIÓNS NA ORDE DO DÍA**, por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes.

### 7.1 MOCIÓN SOBRE AS NECESIDADES E CARENCIAS DOS CENTROS ESCOLARES DO MUNICIPIO DE PONTEDEUME NO CURSO 2022/23

Toma a palabra a concelleira do grupo municipal do Partido Socialista D<sup>a</sup>. Alejandra Bellón Tenreiro, dando conta do contido da moción presentada, cuxo texto se transcribe a continuación:

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Se ben a lexislación que rixe as competencias das distintas administracións apenas atribuen aos municipios as obrigas de vixancia da escolarización , a cooperación na procura de solares para a construción de novos centros e o mantemento e conservación dos CEIP e Educación Especial, o compromiso dos gobernos locais ca educación é incuestionable, como así o manifestamos dende o grupo político socialista en múltiples ocasións.

O que non consideramos de recibo é que os gobernos locais veñamos asumindo como propias, con cargo as arcas municipais , competencias que deberían ser asumidas pola administración autonómica , tal como a reforma e mellora das infraestruturas dos centros de ensino, sendo sempre perxudicada a comunidade escolar na eterna discrepancia entre ambas administracións, circunstancia que se resolvería co desenvolvemento do pacto local de ensino do ano 2007 , tarefa que non parece disposta a acometer o actual executivo autonómico.

O reforzo de profesorado necesario no pasado por mor da pandemia debe ser a tónica xeral nos vindeiros anos. Non así os recortes que estamos a ver este ano no CEIP Couceiro Freijomil, onde se suprimiu un apoio de infantil no catálogo , sendo un centro que experimentou un aumento importante de alumnado diagnosticado con necesidades especiais sobre todo no primeiro ano da etapa escolar e que non conta con máis especialistas que un PT e un AL para todo o centro carecendo ademáis de cuidadores suficientes en infantil que faciliten a correcta atención nas aulas. Así mesmo , no CEIP Andrade carecen tamén de reforzo en infantil, habida conta que unha das titoras forma parte do equipo directivo. Titorías que asumen cargos de xestión nos centros é algo que está a normalizarse nos últimos anos e que sobrecarga o traballo dos/das docentes e menoscaba a capacidade de desenvolver a tarefa de titoría correctamente.



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Do mesmo xeito , a pandemia non pode ser a escusa para recortar dereitos e servizos tales como a ESA( Educación Secundaria para Adultos) que se viña levando a cabo dende hai anos no IES Breamo e que se eliminou na nosa vila e trasladouse a Ferrol co gallo da pandemia. A formación de adultos e o acadamento da titulación dos estudos primarios é hoxe máis necesaria ca nunca e coas dificultades en materia de transporte que levamos a padecer dende hai uns anos, consideramos necesaria a súa reimplantación no IES Breamo.

A pandemia tamén nos fixo ver a necesidade de zonas exteriores pero cubertas onde a rapazada poida desfrutar do seu tempo de lecer na escola sen mollarse, xa que esa é a tónica habitual no tempo na meirande parte do curso lectivo. Solicitamos pois que se implementen as cubertas de patios, sobretudo no CEIP Andrade, onde a superficie para albergar ao alumnado no exterior é moi escasa. Este centro en particular sofre dende hai anos un desleixo importante por parte da administración autonómica que esquece os anos de vida útil do edificio e non está a realizar ningún investimento que equipare as súas instalacións educativas ao resto de centros escolares galegos. Este centro precisa dunha reforma integral igual que as que cada ano se levan a cabo en moitos centros de ensino ao longo de toda a xeografía galega.

Estamos a vivir unha época difícil na que todos os recursos deben poñerse a disposición dos máis vulnerables, por iso queremos poñer tamén de manifesto a situación do transporte escolar que ata a entreda en vigor do actual contrato coa UTE concesionaria permitía ao alumnado de bacharelato o uso gratuito sempre que houbera praza no transporte escolar de ensinanza obrigatoria e que agora obriga ao pago do servizo. Entendemos que esta medida non fai máis que aumentar a fenda económica que limita o acceso a unha educación superior a aqueles con máis recursos económicos, xa que a alternativa proposta pola consellería de mobilidade é a de adquirir a tarxeta Xente Nova, que , sendo de carácter gratuito a súa adquisición, leva implícito o condicionante do pago por adiantado das viaxes que serán devoltas ao mes seguinte. Algo que supón un sobrecoste para as familias con menos recursos.

POR TODO O ANTERIORMENTE EXPOSTO, ESTA CORPORACIÓN LOCAL INSTA Á ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA A :

- Incrementar os recursos económicos nos centros educativos co fin de que o alumnado poida dispor dunhas instalacións onde desenvolver a súa vida escolar con normalidade . Solicitamos para este fin a realización dunha reforma integral no CEIP Andrade.
- A adecuación á normativa actual da rampa de acceso do CEIP Couceiro Freijomil pola Avda. Ferrol para facilitar a entrada e desconxestión da entrada do peirao.
- Aportar o profesorado de apoio solicitado polos centros.
- Restaurar a ESA ( Educación Secundaria para Adultos) no IES Breamo, xa que a obtención do graduado en ESO é necesaria actualmente para calquera posto de traballo e deste xeito estase a limitar as posibilidades de acceso á formación e ao mundo laboral dun grupo importante de habitantes do noso municipio.
- Manter, como se viña facendo ata agora, a gratuidade do transporte escolar para o alumnado de Bacharelato por ser esta decisión tomada pola Consellería unha medida discriminatoria economicamente entre os menores de idade que segundo establece a convención dos dereitos do neno( ata os 18 anos) ratificada polo goberno de España teñen dereito á non discriminación, ao desenvolvemento vital, á educación e á protección.

A Presidencia abre a quenda para o debate:

- **Toma a palabra D. Santiago José Rodríguez**, portavoz do grupo municipal do Partido Popular, comenta que non apoian a moción, só están de acordo co punto referente a aportar profesorado de apoio para o alumnado diagnosticado con necesidades especiais. En canto o

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

CEIP de Andrade, indica que púxose un ascensor e comedor novo e reparouse o patio cuberto. Respecto a ESA, di que estiveron falando co director do IES de Breamo, e non ten coñecemento de ningunha solicitude para cursar a ESA, ademais pódese quitar telematicamente. Referente ao Couceiro Freijomil, indica que ten dúas entradas, tamén falou co xefe policial de educación, e este está esperando pola resposta do Alcalde, pois comunicouse telefonicamente con el.

- **Toma a palabra D. Bernardo Fernández, Alcalde-Presidente**, afirma que o concello non vai a investir fondos en centros educativos que non son da súa titularidade, mais alá do mantemento e conservación do existente, di que unha rampla que non cumpre coa normativa de accesibilidade nin coa pendente que establece a lei, é facer un novo aceso, ademais os funcionarios habilitados non informarían favorablemente, sería a Xunta quen tería que adaptar ese aceso. De seguido comenta que en Andrade investíronse 40.000 € para facer un aparcadoiro en fronte do centro educativo. Finalmente indica, que cada administración teríase que facer cargo das obras que correspondan as súas competencias, o concello non pode detraer diñeiro doutras partidas para sufragar gastos que non son da súa titularidade.

- **Toma a palabra D. Santiago José Rodríguez**, comenta referente ao transporte escolar, que faláron cos centros, e non hai ningún problema, indica que non se incluíu ao Centro Integrado, o único problema que houbo, foi que un bus adiantouse e deron a queixa a Consellería de Infraestrutura.

- **Toma a palabra D<sup>a</sup> Alejandra Bellón**, explica que o centro Integrado é un centro de FP de adultos, non depende directamente de ensinanza. De seguido di, que os alumnos de bacharelato si que seguen utilizando a tarxeta de Xente Nova, non pode ser que os rapaces do rural teñan que utilizalas para ir o centro escolar, sendo discriminatorio polo lugar onde residen. Referente ao CEIP de Andrade comenta que a última inversión que fixo a Consellería, foi un ascensor fai cinco anos, levan reclamando catro anos o cambio do peche perimetral, as portas teñen mais de corenta anos, toda a comunidade educativa está demandando estas reformas, tendo en conta que o centro é do ano 80. Finalmente di, que Portos tamén fixo a reclamación da reforma da rampla de aceso ao Couceiro.

- **Toma a palabra D. Bernardo Fernández**, indica que é normal que non haxa solicitudes para a ensinanza de Secundaria de adultos, pois xa se eliminou o ano pasado

- **Toma a palabra D<sup>a</sup> Rocío Souto**, concelleira do Bloque nacionalista Galego, pregunta se se pode engadir no terceiro punta da moción, *"Aportar o profesorado de apoio solicitado polos centros"*, a expresión *"...e persoal auxiliar"*. A Xunta debería modificar a normativa, a ratio por auxiliar é de seis nenos.

- **Toma a palabra D. Bernardo Fernández**, acepta a emenda introducida polo Bloque Nacionalista Galego, quedando entón, o punto terceiro, deste xeito, *"Aportar o profesorado de apoio e persoal auxiliar solicitado polos centros"*.

Concluídas as intervencións sométese a votación moción emendada, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 11** votos a favor dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE (9): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D<sup>a</sup> Raquel Caruncho Corral, D<sup>a</sup> Yolanda Vázquez Busto, D<sup>a</sup> Ángela Piñeiro Carrera, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López, D<sup>a</sup>. Manuela García Fachal, D<sup>a</sup> Alejandra Bellón Tenreiro; 2 votos a favor das persoas que integran o Grupo Municipal do BNG: D. Luis Pena Mosquera e D<sup>a</sup> Rocío Souto Torre; e **2 abstencións** dos concelleiros do Grupo Municipal do PP: D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D. Luis Angel Díaz González, o **ACORDO** seguinte:

• Incrementar os recursos económicos nos centros educativos co fin de que o alumnado poida dispor dunhas instalacións onde desenvolver a súa vida escolar con normalidade . Solicitamos para este fin a realización dunha reforma integral no CEIP Andrade.



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- A adecuación á normativa actual da rampa de acceso do CEIP Couceiro Freijomil pola Avda. Ferrol para facilitar a entrada e desconxestión da entrada do peirao.
- Aportar o profesorado de apoio e persoal auxiliar solicitado polos centros
- Restaurar a ESA ( Educación Secundaria para Adultos) no IES Breamo, xa que a obtención do graduado en ESO é necesaria actualmente para calquera posto de traballo e deste xeito estase a limitar as posibilidades de acceso á formación e ao mundo laboral dun grupo importante de habitantes do noso municipio.
- Manter, como se viña facendo ata agora, a gratuidade do transporte escolar para o alumnado de Bacharelato por ser esta decisión tomada pola Consellería unha medida discriminatoria economicamente entre os menores de idade que segundo establece a convención dos dereitos do neno( ata os 18 anos) ratificada polo goberno de España teñen dereito á non discriminación, ao desenvolvemento vital, á educación e á protección.

**7.2 O grupo municipal do Partido Popular presenta para o Pleno do mes de setembro a MOCIÓN CONTRA O VETO DA UE Á PESCA DE FONDO, cuxo contido transcríbese a continuación:**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 19 de setembro asistíamos con asombro á publicación no Diario Oficial da UE do *REGLAMENTO DE EJECUCIÓN (UE) 2022/1614 DE LA COMISIÓN de 15 de septiembre de 2022 por el que se determinan las zonas de pesca en aguas profundas existentes y se establece una lista de zonas en las que se conoce la existencia de ecosistemas marinos vulnerables o la posibilidad de que existan*, que entrará en vigor en 20 días.

Esta decisión unilateral foi tomada sen ter falado cos Estados nin co sector. Así, a directora xeral Asuntos Marítimos e Pesca (DG Mare) da Comisión Europea na súa visita a Galicia do pasado mes de xullo comprometérase a revisar a medida con máis datos e informes, cousa que non fixo.

É totalmente indignante e un despropósito que Bruxelas vete a pesca de fondo atendendo unicamente aos aspectos medioambientais e non aos científicos nin socioeconómicos.

Só en Galicia, esta prohibición afecta a arredor de 200 barcos de capital galego de xeito directo e o seu impacto potencial podería chegar a un milleiro de buques, ben polo solapamento de zonas de pesca ou pola futura ampliación desta prohibición.

Sempre defendemos que todas as artes de pesca son respectuosas co medio ambiente se se usan ben. Medidas coma esta, arbitrarias e sen base científica, poñen en risco o futuro da frota e poden supoñer unha importante perda de buques, empregos e alimentos de calidade.

O 20 de setembro o Goberno Galego mantíña unha reunión co sector e con xuristas expertos para analizar o posible recurso e ver o xeito máis efectivo de actuar contra este veto para defender os intereses da frota.

Así, o Goberno galego urxe a construír unha posición sólida a nivel nacional contra o veto á pesca de fondo e compromete o seu apoio aos distintos recursos xudiciais que se presenten.

É fundamental unha resposta xudicial estatal dado que se trata dun asunto que prexudica tamén a outras comunidades, non só a Galicia.

Esta cuestión foi trasladada polo presidente da Xunta ao Executivo do Estado e foi exposta o 21 de setembro na reunión co sector e a Secretaría Xeral de Pesca do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal Popular no concello de Ponte deume eleva ao Pleno a adopción do seguinte **acordo**:



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

O Concello de Ponte deume acorda dirixirse á Xunta de Galicia co obxecto de que:

1. Apoie tanto o imprescindible recurso do Goberno de España diante da decisión da Comisión Europea de vetar á pesca de fondo, como todas aquelas medidas legais que adopten as empresas armadoras pola súa conta.
2. Reitere ao Goberno de España a urxente necesidade de solicitar da Comisión Europea que rectifique e anule o novo Regulamento UE 2022/1614 da Comisión, de 15 de setembro de 2022, polo que se determinan as zonas de pesca en augas fondas e se establece unha lista de zonas nas que se coñece a existencia de ecosistemas mariños vulnerables ou a posibilidade de que existan, que entrará en vigor a comezos de outubro deste ano.

**7.3 O grupo municipal do Partido Socialista presenta para o Pleno do mes de setembro a MOCIÓN EN REXEITAMENTO DO VETO Á PESCA DE FONDO POR PARTE DA COMISIÓN EUROPEA, cuxo contido transcríbese a continuación:**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Regulamento 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de decembro de 2013, sobre a política pesqueira común recolle a posibilidade de prohibir a pesca en determinados lugares, especialmente sensibles, de augas profundas.

No ano 2016 aprobouse en Europa o Regulamento 2016/2336 del Parlamento Europeo e do Consello, de 14 de decembro de ese ano, específico de augas profundas que sinala que, a máis tardar o 13 de xaneiro de 2018, a Comisión Europea adoptará os actos de execución con obxecto de establecer unha lista de zonas nas que se coñece a existencia de ecosistemas mariños vulnerables ou que sexa probable que existan entre os 400 e 800 metros de profundidade sobre a base da mellor información científica e técnica dispoñible, tendo presentes tamén as avaliacións e identificacións levadas a cabo polos Estados membros e o organismo científico consultivo. Deste xeito prohibírase a pesca con artes de fondo en todas as zonas incluídas na lista que será revisada cada ano.

A Comisión Europea non deu cumprimento ao contemplado no citado Regulamento de 2016, mais recentemente coincidindo coa Conferencia dos Océanos en Lisboa, celebrada entre os días 26 de xuño e 1 de xullo do presente ano, o comisario de pesca europea fixo público que o organismo comunitario estaba a examinar se continuaba coa adopción dun regulamento para prohibir a pesca de fondo en zonas vulnerables, que afectaría a 94 áreas de augas comunitarias do Atlántico Nororiental. Decisión adoptada xusto despois de que no debate no Comité de Pesca, no que se tiña que dar o visto e praxe a tal decisión non se acadara a maioría necesaria para sacar esta votación adiante. España, xunto con Irlanda, votaron en contra desta prohibición.

O 15 de setembro a Comisión Europea adoptou a decisión de pechar á pesca de fondo 87 zonas ao longo da plataforma continental mariña comunitaria que foi publicada o 19 de setembro no Diario Oficial da Unión Europea (UE) a través do regulamento que entrará en vigor nun prazo de 20 días.

Este veto sumamente prexudicial para os intereses da frota galega, nomeadamente das persoas que traballan na zona de litoral e Gran Sol, levouse a cabo sen o diálogo necesario, a pesar de ser un tema de vital transcendencia. Por parte dos órganos comunitarios non se lles consultou aos estados membros dunha forma seria, así como tampouco se tivo en conta ao sector pesqueiro. A esta falta de diálogo preocupante súmaselle ademais que se pretende executar este veto sen achegar os suficientes argumentos científicos e técnicos que o avalen e sen un verdadeiro estudo socioeconómico que analice o impacto desta prohibición no propio sector.

Novamente, España, xunto a Irlanda e Francia conseguiron incluír na orde do día do Consello de Ministros de Pesca da UE do día 26 de setembro o tema do veto da CE á pesca de fondo, para novamente amosar o seu rexeitamento a tal medida, tanto por motivos de:





## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

FORMA: porque despois da non adopción por falla de maioría do ditame do Consello Consultivo, unha soa reunión o pasado 26 de xullo non é unha forma seria de consultar ao sector nin aos Estados Membros.

FONDO: o informe do ICES non é actual nin cubre o conxunto de decisións que en base a este regulamento de execución está a adoptar a Comisión Europea e inclúe modalidades como o palangre de fondo, que non estaban consideradas, así como medidas en augas que non chegan aos 400 metros de profundidade.

Por todo o exposto, e ante un novo ataque máis da Comisión Europea ao executar finalmente o seu veto á pesca de fondo, unha decisión que suporá a ruína dunha parte moi importante da nosa frota pesqueira, o grupo municipal do PSOE, solicita do Pleno da Corporación Municipal do Concello de \_\_\_\_\_ a adopción dos seguintes acordos:

1. Amosar o seu total apoio ao sector pesqueiro galego ante un novo ataque das institucións comunitarias co veto da Comisión Europea á pesca de fondo, rexeitando rotundamente esta medida de veto á pesca de fondo.
2. Demandar da Xunta de Galicia que apoie as medidas e accións solicitadas polo Goberno do Estado á Comisión Europea para que:
  - a. Suspenda a aplicación do regulamento de execución que veta á pesca de fondo 87 zonas do Atlántico Nororiental.
  - b. Que proceda a súa revisión inmediata cos datos científicos actualizados, que xa están dispoñibles, e que xa están no poder da Comisión Europea.
3. Demandar da Xunta de Galicia que presente un recurso ante a xustiza europea contra o regulamento da Comisión Europea que prohibe a pesca de fondo en 87 zonas sensibles, tal e como anunciou publicamente, e, en liña co que presente o Estado e o propio sector.

**7.4 O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego presenta para o Pleno do mes de setembro a MOCIÓN EN DEFENSA DA FROTA PESQUEIRA GALEGA FRONTE AO NOVO REGULAMENTO IMPOSTO POLA COMISIÓN EUROPEA, cuxo contido transcríbese a continuación:**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Comisión Europea vén de impoñer un novo regulamento que se traduce no feche para a pesca nun total de 87 zonas do Atlántico nororiental, o que afecta a unha superficie superior a 16.000 quilómetros cadrados e que terá consecuencias negativas para os buques equipados con artes de fondo como redes de arrastre de fondo, dragas, palangre de fondo, entre outros. Unha medida que entrará en vigor en poucos días e que suporá **a expulsión da frota galega de fondo, podendo reducir até nun 75% as súas capturas.**

Este regulamento, imposto desde a Comisión Europea (CE) sen un contraste e interlocución efectiva co propio sector, é un novo golpe que se engade ás limitacións das cotas de pesca, ao impacto derivado do Brexit, ou á aplicación das medidas de conservación que viñeron a dificultar a faena da frota galega.

Estamos diante dun acordo da CE sen a aprobación do Parlamento europea, que se baseou en informes insuficientes, parciais e desactualizados, sen diálogo co sector en busca de alternativas, sen unha avaliación socioeconómica sobre o seu impacto. **A consecuencia desta decisión será un impacto brutal en termos produtivos e de emprego, mais tamén agudizará a dependencia da importación de peixe e un previsíbel aumento dos prezos.**



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

**A efectivización deste regulamento arbitraria e inxusto suporá un golpe en toda regra á nosa frota, afectando a varias centos de barcos galegos e ameazando millares de postos de traballo.** Nos últimos meses, o sector pesqueiro de artes de fondo levou a cabo innumerábeis actuacións para tratar de contrarrestar e combater unha decisión que se adopta agora, mais que xa vén de lonxe. Tamén o Parlamento galego debateu ata en tres ocasións, e aprobou dúas veces por unanimidade, iniciativas de rexeitamento e medidas a levar a cabo para tratar de evitar a prohibición das artes de fondo por parte da UE.

Nunha resposta do 25 de agosto ás preguntas do BNG no Parlamento Galego, a Xunta confirma a elaboración de informes que avaliarían o impacto da prohibición das artes de fondo no noso sector pesqueiro e na economía do país.e anunciaba o "establecemento de alianzas con aquelas rexións pesqueiras europeas que se verían afectadas polas restricións".

**En definitiva, o impacto do novo regulamento imposto pola Comisión Europea su-pón unha ameaza de primeiro nivel que pode facer desaparecer este sector estratéxico tal e como o coñecemos,** como advertiron xa publicamente tanto dende o propio sector como dende organizacións sindicais como a CIG.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno do Concello de Ponte deume esta moción, propondo a adopción do seguintes

### ACORDOS:

1.- Instar a Xunta de Galiza a convocar con carácter inmediato o Consello Galego de Pesca para **ORGANIZAR UNHA RESPOSTA UNITARIA** de todo o sector do mar e de todo o tecido social do país (partidos políticos, organizacións sectoriais, sindicais, sociais, etc.) ante o grave golpe que supón a prohibición da pesca de fondo en 87 áreas do Atlántico nororiental, decretada pola Comisión Europea.

2.- Instar a Xunta de Galiza a defender á frota galega da pesca de artes de fondo esgotando todas as vías posíbeis e que, de acordo co sector, se consideren.

3.- Instar a Xunta de Galiza a iniciar de inmediato o procedemento xudicial en contra da decisión da Comisión Europea.

4.- Instar ao Goberno español a despreparar todas as accións que como estado membro poida exercer para lograr a anulación do regulamento imposto pola Comisión Europea.

5.- Instar ao Goberno español a esixir no inmediato a suspensión da entrada en vigor do regulamento

D. José Simoes, indica que se presentaron tres mocións por parte dos distintos grupos municipais, sobre o mesmo tema, e sería bo que neste caso, as mocións se introduzan en tempo regulamentario, (48 horas antes da convocatoria do Pleno) e así poder convocar a Xunta de Portavoces, isto xa o falara noutros Plenos, de seguido propón facer unha moción institucional. Os grupos municipais están de acordo.

D. Bernardo Fernández, comenta que se inclúan na moción institucional todos os puntos dos acordos das distintas mocións, menos o punto 5 da moción do Bloque Nacionalista Galego e o punto 2 da moción do Partido Popular, ao estar xa reflectidos no punto 2 da moción do Partido Socialista. Estando todos os concelleiros e concelleiras a favor.

**Finalizadas as intervencións, todos os membros presentes, ACORDAN con carácter de DECLARACIÓN INSTITUCIONAL:**



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

1. Amosar o seu total apoio ao sector pesqueiro galego ante un novo ataque das institucións comunitarias co veto da Comisión Europea á pesca de fondo, rexeitando rotundamente esta medida de veto á pesca de fondo.
2. Demandar da Xunta de Galicia que apoie as medidas e accións solicitadas polo Goberno do Estado á Comisión Europea para que:
  - a) Suspenda a aplicación do regulamento de execución que veta á pesca de fondo 87 zonas do Atlántico Nororiental.
  - b) Que proceda a súa revisión inmediata cos datos científicos actualizados, que xa están dispoñibles, e que xa están no poder da Comisión Europea.
3. Instar a Xunta de Galiza a convocar con carácter inmediato o Consello Galego de Pesca para ORGANIZAR UNHA RESPOSTA UNITARIA de todo o sector do mar e de todo o tecido social do país (partidos políticos, organizacións sectoriais, sindicais, sociais, etc.) ante o grave golpe que supón a prohibición da pesca de fondo en 87 áreas do Atlántico nororiental, decretada pola Comisión Europea
4. Demandar da Xunta de Galicia que presente un recurso ante a xustiza europea contra o regulamento da Comisión Europea que prohibe a pesca de fondo en 87 zonas sensibles, tal e como anunciou publicamente, e, en liña co que presente o Estado e o propio sector.
5. Que a Xunta de Galicia apoie tanto o imprescindible recurso do Goberno de España diante da decisión da Comisión Europea de vetar á pesca de fondo, como todas aquelas medidas legais que adopten as empresas armadoras pola súa conta.
6. Instar a Xunta de Galiza a defender á frota galega da pesca de artes de fondo esgotando todas as vías posibles e que, de acordo co sector, se consideren.
7. Instar a Xunta de Galiza a iniciar de inmediato o procedemento xudicial en contra da decisión da Comisión Europea.
8. Instar ao Goberno español a despregar todas as accións que como estado membro poida exercer para lograr a anulación do regulamento imposto pola Comisión Europea

### 7.5 MOCIÓN APOIAR A INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR PROMOVIDA POLA PLATAFORMA SOS SANIDADE PÚBLICA DE GALICIA.

Toma a palabra o voceiro do grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, D. Luis Pena Mosquera, dando conta do contido da moción presentada, cuxo texto se transcribe a continuación:

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellería de Sanidade, leva anos recortando e desmantelando os recursos da Sanidade Pública Galega, especialmente na Atención Primaria, **coa finalidade de reducir gasto e favorecer á sanidade privada**, que medra de maneira imparable. Paralelamente, os responsables do SERGAS son incapaces de planificar e xestionar a Atención Primaria, poñendo en cuestión a continuidade do sistema de Atención Primaria.

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Entre outras cousas, as reducións de persoal, a prioridade pola consulta telefónica por riba da presencial, as dificultades para contactar cos centros e conseguir cita, o peche de consultas, centros e PAC, etc., impiden o acceso normal á asistencia sanitaria a poboación e crean listas de agarda inaceptables.

Como consecuencia do exposto, desapareceu da Atención Primaria a promoción, prevención, rehabilitación, participación e o traballo comunitario, mentres que **o persoal está sometido a unha situación de presión, inestabilidade e precariedade, incompatibles cunha atención de calidade.**

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego en PONTEDEUME somete

a debate e aprobación polo Pleno deste Concello desta moción de apoio á **Iniciativa Lexislativa Popular promovida pola Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia**. Propoñemos a adopción dos seguintes acordos para **DEMANDAR AO PARLAMENTO GALEGO E AO GOBERNO DA XUNTA DE GALIZA**

### ACORDOS:

- 1.- Establecer a atención presencial ao paciente como regra xeral para as consultas médicas.
  - 2.- Fixar uns mínimos, na dispoñibilidade de centros e persoal por habitante, para salvaguardar a calidade da atención aos pacientes.
  - 3.- Acabar ca inestabilidade e precariedade do persoal e realizar, como mínimo, unha convocatoria anual de prazas.
  - 4.- Reabrir as consultas, Centros de Saúde e PAC de Urgencias pechados durante os últimos anos.
  - 5.- Incrementar o persoal médico, de enfermaría, administrativo dos centros de saúde e redimensionar os seus cadros de persoal.
  - 6.- Recuperar as Xerencias de Atención Primaria para dotala de capacidade de planificación e autoxestión e acabar co seu sometemento aos hospitais.
  - 7.- Poñer en marcha o Consello de Saúde de Galicia e os Consellos de Saúde de Área Sanitaria, para que a poboación teña capacidade real de planificar, decidir e avaliar a actividade dos centros.
  - 8.- En particular para a Ponte deume, solicitar que as xubilacións sexan cubertas de forma permanente evitando [medic@s](mailto:medic@s) "substitutos" que poden estar só uns días co descoñecemento que iso supón dos pacientes a tratar.
  - 9.- En particular para a Ponte deume, solicitar a reposición dun pediatra na quenda da tarde.
  - 10.- Solicitar para o PAC de Ponte deume e para a poboación atendida neste centro: a) unha unidade de raios e b) unha unidade de saúde mental, que mellorará sensiblemente a oferta da atención primaria.
- **Toma a palabra D. José Simoes**, comenta que mocións de sanidade xa se presentaron varias no concello, non teñen inconveniente en apoiala.

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- **Toma a palabra D<sup>a</sup> Raquel Caruncho**, concelleira do grupo municipal do Partido Socialista, en relación ao punto nove da moción, aclara que a pediatra de tarde atende en quenda de mañá.

- **Toma a palabra D. Bernardo Fernández**, indica que o posto da pediatra está cuberto pero en horario de tarde, poderíase redactar o punto deste xeito "9. *En particular para Ponte deume, solicitar a reposición da quenda de tarde en pediatría*"

- **Toma a palabra Luis Angel Díaz**, concelleiro do Partido Popular, parécelle ben a moción, di que hai algunha cousa que xa se está facendo, coma as citas de forma presencial e vólvese a convocar tres prazas para médicos.

Non habendo máis intervencións, sométese a votación a moción emendada, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes, o **ACORDO** seguinte:

- 1.- Establecer a atención presencial ao paciente como regra xeral para as consultas médicas.
- 2.- Fixar uns mínimos, na dispoñibilidade de centros e persoal por habitante, para salvagardar a calidade da atención aos pacientes.
- 3.- Acabar ca inestabilidade e precariedade do persoal e realizar, como mínimo, unha convocatoria anual de prazas.
- 4.- Reabrir as consultas, Centros de Saúde e PAC de Urgencias pechados durante os últimos anos.
- 5.- Incrementar o persoal médico, de enfermaría, administrativo dos centros de saúde e redimensionar os seus cadros de persoal.
- 6.- Recuperar as Xerencias de Atención Primaria para dotala de capacidade de planificación e autoxestión e acabar co seu sometemento aos hospitais.
- 7.- Poñer en marcha o Consello de Saúde de Galicia e os Consellos de Saúde de Área Sanitaria, para que a poboación teña capacidade real de planificar, decidir e avaliar a actividade dos centros.
- 8.- En particular para a Ponte deume, solicitar que as xubilacións sexan cubertas de forma permanente evitando [medic@s](mailto:medic@s) "substitutos" que poden estar só uns días co descoñecemento que iso supón dos pacientes a tratar.
- 9.- En particular para Ponte deume, solicitar a reposición da quenda de tarde en pediatría
- 10.- Solicitar para o PAC de Ponte deume e para a poboación atendida neste centro: a) unha unidade de raios e b) unha unidade de saúde mental, que mellorará sensiblemente a oferta da atención primaria.

### **8.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.**

#### **ROGOS**

O Grupo Municipal do Partido Popular na Corporación Municipal, presenta para o Pleno do mes de setembro os seguintes **ROGOS**:

- **ROGAMOS RESCINDA EL CONTRATO DE GALILANDIA Y SAQUENLO A CONCURSO.**

O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, non presenta para o Pleno de setembro ningún Rogo.

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### PREGUNTAS

O Grupo Municipal do Partido Popular, presenta para o Pleno do mes de setembro as seguintes preguntas, transcribíndose a continuación as respostas achegadas por escrito polo goberno municipal:

1.- Actualmente en el Tejo de los Tenreiro se aprecian brotes por lo que nos preguntamos; En qué situación se encuentra?. ¿Hay algún estudio reciente de él?

### RESPOSTA DO GOBERNO

Os brotes aos que fan referencia, e que se concentran principalmente no tronco da árbore, foron definidos polos técnicos da Estación Fitopatolóxica Areeiro como “brotos chupóns”. Nos distintos informes remitidos por este organismo ao Concello concluíuse que **“dada la evolución del árbol en los últimos años no parece factible su recuperación mediante cualquier tipo de actuación”**. Así mesmo, dende a Alcaldía remitiuse escrito xa en xullo do 2015 ao Servizo Provincial de Conservación da Natureza da Xunta de Galicia, solicitando se nos fora informando da situación e posibles cambios que puideran sucederse na árbore. Con posterioridade notificouse a eliminación deste espécime do listado de árbores senlleiras polo seu estado “irreversible”.

Así mesmo, meses atrás contactouse cun técnico experto no tratamento deste tipo de especies, que tras visitar a árbore chegou á mesma conclusión que nos estudos realizados pola estación fitopatolóxica; é dicir, que a árbore está viva pero a súa situación é irreversible, polo que non vai a volver a ter o aspecto que tivo no pasado.

2.- ¿Por qué los trabajadores de recogida de basuras y del punto limpio no cobran el plus de trabajo tóxico, penoso o peligroso?

### RESPOSTA DO GOBERNO

Os graos de puntuación para a valoración do posto obtéñense dentro do complemento específico do posto de traballo, indicado este na relación de postos de traballo (RPT).

Este concello ten unha valoración de cada posto na RPT, aprobada definitivamente polo pleno do 22 de febreiro do 2007 e publicada o 28 de febreiro do 2007, onde indica perfectamente os graos e factores correspondente a cada posto coa súa puntuación relacionada coas condicións do posto de traballo/praza.

No complemento específico de peón recollida de lixo, xa contempla a penosidade, valorada con grao 3 e 137 puntos, e o perigo grao 2 e 33 puntos.

No posto do punto limpo no complemento específico contempla a penosidade en grao 2 con 81 punto, o perigo grao 1 con 10 puntos.

Como poden comprobar vostedes na RPT actual estes dous conceptos xa se están aboando en nómina todos os meses. Así mesmo, o factor de toxicidade non foi valorado no seu momento (2007), porque estes non son postos que contén con ese factor, debido a que nos mesmos non se manexan produtos tóxicos nin se mantén contacto directo con eles.

3.- ¿Qué medidas va a adoptar el concello con la problemática de la empresa Galilandia que adeuda varias nóminas a sus trabajadores?

### RESPOSTA DO GOBERNO

O equipo de goberno é consciente da problemática da empresa Galilandia cos seus empregados, e permanecemos en contacto directo con eles tentando dar solucións para o pago das nóminas pendentes, tendo valorado o tema coa representación sindical en distintas reunións.

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

O Concello de Ponte deume está ao día nos pagos que se realiza a Galilandia, tema distinto son as débedas que esta empresa teña contraídas con organismos oficiais, polo que nesta ocasión recibíuse notificación de embargo da Seguridade Social de todos os pagos pendentes á mencionada empresa; orden esta que estamos a cumprir.

Nos últimos meses este Concello ven dando os pasos necesarios que regularicen esta situación, redactando un prego de licitación do servizo para a súa saída a concurso, que actualmente estase a revisar polo departamento xurídico, proceso que rematará coa actual casuística laboral dos traballadores e pola que xa trasladamos á empresa a nosa total reprobación. Así mesmo, tras ter coñecemento deste novo incumprimento por parte da empresa, tal e como se lles trasladou aos empregados recentemente, estamos a realizar as xestións oportunas para acadar unha solución transitoria no menor tempo posible, en tanto o novo contrato non se licita e adxudica, xa que a súa tramitación ten uns prazos establecidos por lei que son de obrigado cumprimento.

Tamén a fin de aportar asesoramento e ao marxe das accións que dende a administración local pódanse levar a cabo, é importante salientar que desde que se produce unha soa falta de pagamento, o traballador dunha empresa pode dirixirse polos métodos formais para reclamar a cobranza do debido, contando para iso co prazo dun ano para reclamacións de cantidades.

A falta de pagamento de nóminas na empresa adoita vir enmarcado nun estado de precariedade económica da mesma, que dá lugar a atrasos nos pagos de todo tipo, polo que chegados a ese punto, no que as intimacións amigables non producen efecto, caben dúas alternativas ante a falta de pagamento de nóminas, acudir directamente ao xulgado para reclamar, ou previo á vía xudicial, interpoñer reclamación ante o SMAC, (Servizo de Mediación, Arbitraje e Conciliación), presentando papeleta de conciliación na que se solicita o pago dos salarios debidos así como, se a falta de pagamento é reiterado e así o desexa o traballador, se formalice a extinción do contrato de traballo.

En todo caso, como se comentou, por parte do Concello estanse a poñer en marcha todos os mecanismos cos que contamos para revertir esta situación no menor tempo posible, polo que lamentamos tamén as declaracións realizadas polo seu grupo acusando ao Goberno Local de “mirar cara outro lado”, cando nin tan sequera pola súa parte se interesaron polas xestións que estamos a realizar antes de facer esas afirmacións. Dito o cal, pregamos máis seriedade neste tipo de asuntos tan sensibles.

Responde D. Bernardo Fernández, en referencia á pregunta tres do Partido Popular, “3- *¿Qué medidas va a adoptar el concello con la problemática de la empresa Galilandia que adeuda varias nóminas a sus trabajadores?*”, e tendo en conta a nota que remitiron á prensa onte, que non se pode dicir que o goberno local mira para o outro lado, e presentar unha pregunta para contestar no Pleno do día seguinte, o normal sería preguntar que se fixo, e despois facer a crítica, sobre todo nun tema destas características. A continuación aclara que o concello está ao día nos pagos a Galilandia, o problema é que chegou unha notificación de embargo da Seguridade Social, que obriga a ser ela a beneficiaria de todos os pagos pendentes que teña e sucesivos. O que se lle comentou os empregados é que estase intentando buscar unha solución transitoria, en tanto non estea o contrato licitado, pero o concello non lle debe nada a empresa, tamén trasladouse aos empregados e representantes sindicais, como asesoramento, que a lexislación establece uns mecanismos para que poidan reclamar

D. Santiago José Rodríguez, pregunta oralmente, se non hai posibilidade de subrogar, responde D. Bernardo Fernández, que entón pasarían a ser persoal municipal, e vai en contra dos procesos selectivos, tamén pregunta que prazos hai para quitar o contrato, responde D. Bernardo Fernández, dous ou tres meses mínimo.

D. Luis Pena, pregunta oralmente, cantas persoas están nesta situación, responde D. Bernardo Fernández seis persoas. Tamén comenta, D. Bernardo Fernández, que hai meses, houbo unha solicitude da empresa, onde reclamaban un aumento do importe que o concello lles está a pagar, para facer fronte o incremento salarial que experimentaron os empregados nos últimos anos, coma e lóxico o concello pediulle á empresa a documentación que acreditara dito incremento, e non aportou nada.

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Finalmente indica que tentaron axilizar o máximo posible a licitación, para que poida entrar unha empresa que cumpra todos os requisitos, e adianta que o prezo dos pregos vai a ser superior ao que cobra a empresa na actualidade, porque mellora as condicións laborais do persoal.

D<sup>a</sup> Rocío Souto indica que está nas mans do equipo de goberno facer o prego e que se incumpra a Lei que o concello poida rescindir, tendo a empresa a posibilidade de acollerse a lei de segunda oportunidade.

4.- ¿Qué se hace con las losas que se sacan de la obra de la plaza Alvaro Vazquez Penedo en frente de la guardería?

### RESPOSTA DO GOBERNO

Aquelas que se atopan en bo estado, sepáranse para a súa retirada e acopio de cara a posterior reutilización naquelas zonas onde fora preciso.

5.- ¿A cuanto asciende el gasto energetico del Mercado Municipal?

### RESPOSTA DO GOBERNO

O gasto enerxético do Mercado Municipal oscila entre 1.000 e 1.200 mensuais.

O Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, presenta para o Pleno de setembro as seguintes preguntas:

1. OBRAS NO PEIRAO. Despois dos problemas económicos da empresa "Arias Infraestructuras" encargada das obras de saneamento no peirao, e logo da súa resposta de fai máis de seis meses na que sinalaban que logo contactar "en numerosas ocasións cos técnicos e representantes da administración" a súa postura era de "estamos á espera"; cal é a nova data de finalización das obras ? Cal é a situación burocrática do contrato da obras ?

2. PISCINA MUNICIPAL. Xa non lembramos as veces que preguntamos pola situación do concurso de licitación do servizo da piscina municipal. Non lles interesa que este tema se resolva ? A súa resposta será: "en canto poidamos" ou "non temos persoal suficiente" ou "hai unha gran acumulación de traballo" ??

3. EDIFICIO DO PICHÓ. Cal é o estado contractual da compra desta finca ? Cal é o coste económico previsto? En que data se formalizará o contrato ? Existe xa da informe da dirección xeral de patrimonio do Camiño inglés ? Existe un proxecto do que se fará unha vez realizada a compra ou irán improvisando ?

4. AREA REXURBE. Según as súas respostas, fai 2 anos, en outubro de 2020 comezaron vostedes as xestións. Fai 9 meses, en xaneiro deste ano enviaron unha solicitude de reunión para tratar o tema das Areas Rexurbe. Que novas teñen vostedes de este tema ? Que documento se elaborou con posibles actuacións ao abeiro deste Plan ??

5. COSTE ACTIVIDADES DEPORTIVAS MUNICIPAIS DE INVERNO. Cal foi o coste total das escolas municipais do ano 2021-2022 ? Cal foi o gasto neto que tivo que aportar o concello para esta actividade, a diferenza entre o coste das actividades e o recadado polas inscricións ? Neste ano cal é o coste/hora por monitor/a ??

D. Bernardo Fernández, indica que as preguntas do Bloque Nacionalista Galego foron presentadas fora de prazo, e as respostas serán incorporadas na acta da seguinte sesión ordinaria.

### REMATE DA SESIÓN

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente, levanta a sesión, sendo as doce horas e corenta e oito minutos do expresado día.





## **CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)**

Apróbase a presente acta, na sesión ordinaria do Pleno de data 27/10/2022, segundo o borrador asinado o día 19/10/2022. Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital do alcalde e da secretaria, que dá fe.